


FUNDACIÓN

USC | **M.P.**

**MEMORIA EXPLICATIVA DO PLAN DE
ACTUACIÓN CORRESPONDENTE AO
EXERCICIO 2023**



1. PRESENTACIÓN

NORMATIVA APLICABLE

A Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego recolle no seu artigo 39 a obriga do Padroado de elaborar e remitir ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden referidos os obxectivos e as actividades que se prevé desenvolver durante o exercicio seguinte.

NORMAS DE PRESENTACIÓN

O artigo 41 do Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, establece que:

1. De conformidade co artigo 39 da Lei 12/2006, o padroado elaborará e remitirá ao Protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden referidos os obxectivos, as actividades que se prevea desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingreso e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación. Conforme ao disposto no artigo 18.1º da Lei 12/2006, de 1 de decembro, o padroado non poderá delegar esta función en outros órganos da fundación.
2. O plan de actuación conterá a suficiente información identificativa das actividades propias da fundación e das mercantís, dos gastos estimados para cada unha delas e dos ingresos e outros recursos previstos, e calquera outra información que permita comprobar o grao de realización de cada actividade ou o grao de cumprimento dos obxectivos.
3. O padroado remitirá ao Protectorado o plan de actuación acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación.

Pola súa parte, o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, sinala que: fronte ao orzamento esixido pola Lei 30/1994, de 24 de novembro, a regulación actual decántase polo plan de actuación, do que os distintos protectorados foron aprobando os seus propios modelos.

O modelo de plan de actuación recóllese no anexo II do citado Real Decreto 1491/2011.

2. ÁMBITO TEMPORAL

En virtude do establecido no artigo 33 dos estatutos da Fundación, o exercicio económico ao que se refire o orzamento iníciase o 1 de xaneiro de 2023 finalizando o 31 de decembro de 2023.

3. RECURSOS ECONÓMICOS A EMPREGAR E A OBTER POLA FUNDACIÓN

3.1. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTER

3.1.1. PREVISIÓN DE INGRESOS

O importe dos ingresos previstos ascende a 8.202.986,96 euros (8.037.111,00 euros no exercicio ano 2022), aumentando un 2,06% con respecto ao exercicio anterior.

No actual marco de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela os ingresos proceden dos encargos de xestión vixentes desde a consideración como medio propia da Fundación.

Por outra banda, a Fundación obtén ingresos procedentes de subvencións do sector público para o desenvolvemento de actividades propias.

3.1.1.1. Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio: non se estima percibir ingresos procedentes por este concepto.

3.1.1.2. Vendas e prestación de servizos das actividades propias: 7.699.986,96 euros (7.580.911,00 euros no exercicio anterior).

Dentro deste capítulo inclúense os ingresos das distintas actividades ou programas:

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 9.712,94 euros polos ingresos previstos para desenvolvemento deste programa para a área de Deportes da Universidade de Santiago de Compostela en relación ao deporte competición.
- Actividade 002: Servizo de limpeza de edificios e locais. 7.217.508,60 euros polos ingresos previstos no encargo de xestión para a execución do servizo de limpeza de edificios e locais da Universidade de Santiago de Compostela

- Actividade 003: Programa de Conciliación. 41.125,42 euros, procedentes das cotas e inscricións para o programa de conciliación laboral e familiar Verán CampUSC.
- Actividade 004: Reprografía, edición e impresión dixital. 431.640,00 euros, previstos no encargo de xestión do servizo integral de reprografía, edición e impresión dixital da Universidade de Santiago de Compostela.

3.1.1.3. Ingresos ordinarios das actividades mercantís: estímase uns ingresos de 48.000,00 euros.

3.1.1.4. Subvencións do sector público: 455.000,00 euros (456.200,00 euros exercicio anterior).

Dentro deste capítulo inclúense as aportacións públicas a un programa ou proxecto:

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 440.000,00 euros procedentes da USC para a dinamización deste programa.
- Actividade 003:Programa de Conciliación Verán CampUSC: 9.000,00 euros procedentes do Concello de Santiago de Compostela e 6.000,00 euros procedentes da Deputación Provincial da Coruña.

3.1.1.5. Aportacións privadas: non se estiman.

3.1.1.6. Outro tipo de ingresos: non se estiman.

3.2. PREVISIÓN DOUTROS INGRESOS

Non se estima obter ingresos desta natureza.

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENIR POLA ENTIDADE.
EXERCICIO ECONÓMICO 2023

RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENIR POLA ENTIDADE NO EXERCICIO 2023	Promoción, incentivo e desenvolvemento das actividades físico-deportivas na USC	Execución do servizo de limpeza de edificios e locais da USC	Programas de conciliación laboral e familiar de actividades físico-deportiva	Servizo de reprografía, edición e impresión dixital	Total actividades	Non imputados ás actividades	TOTAL
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	9.712,94	7.217.508,60	41.125,42	431.640,00	7.699.986,96	0,00	7.699.986,96
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00	0,00	0,00	48.000,00	48.000,00	0,00	48.000,00
Subvencións do sector público	440.000,00	0,00	15.000,00	0,00	455.000,00	0,00	455.000,00
Achegas privadas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros tipos de ingresos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7.1 RECURSOS A OBTENIR	449.712,94	7.217.508,60	56.125,42	479.640,00	8.202.986,96	0,00	8.202.986,96
Débedas contraídas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3.2. OUTROS RECURSOS A OBTENIR	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	449.712,94	7.217.508,60	56.125,42	479.640,00	8.202.986,96	0,00	8.202.986,96

4. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPREGAR

4.1. GASTOS

O importe de gastos correntes previstos para a anualidade seguinte ascende á cantidade de 8.202.986,96 euros (7.977.111,00 euros no exercicio anterior), aumentando un 2,83% con respecto ao exercicio anterior.

O detalle das partidas de gastos é o seguinte:

4.1.1. Gastos por axudas e outros: non se estima a execución de gastos por esta partida.

4.1.2. Aproveisionamentos: 554.928,93 euros (159.000,00 euros no exercicio anterior). A diferenza importante con respecto ao ano anterior radica en que no exercicio anterior se contabilizou o traballo realizado por outras empresas en outros gastos de explotación.

En esta partida contabilízanse todos os gastos realizados por cada unha das actividades ou programas relativos ás subministracións e consumibles e aos traballos realizados por outras empresas.

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 45.892,00 euros (9.100,00 euros exercicio anterior). Incremento principalmente motivado pola contabilización no exercicio anterior e descrita no punto precedente. Inclúense os custos da dinamización de actividades dirixidas de actividade físico deportiva tanto no campus de Santiago de Compostela coma no Campus de Lugo. Así como actividades de xadrez e atletismo.

- Actividade 002: Servizo de limpeza de edificios e locais. 202.425,00 euros (149.900 euros exercicio anterior). Os gastos neste programa execútanse principalmente nas compras de subministros para a prestación do servizo de limpeza (celulosa, xabón, etc.) así como en traballos complementarios para o servizo de limpeza executado por outras empresas (colectores hixiénico-sanitarios, etc.).
- Actividade 003: Programa de Conciliación. 33.616,01 euros. Non podemos comparar co 2022 porque no exercicio anterior o traballo realizado por outras empresas non se contabiliza nesta partida.
Os gastos que se prevén executar para o 2023 son relativos á dinamización das actividades de ocio e tempo libre no programa Verán CampUSC con persoal especializado e con titulación específica.
- Actividade 004: Reprografía, edición e impresión dixital. 272.995,92 euros. No exercicio anterior este programa ou actividade non formaba parte do plan de actuación da Fundación.
Os custos que se prevén executar nesta partida son os relativos á compra de subministros para a prestación do servizo de reprografía.

4.1.3. Gastos de persoal: a dotación para este capítulo cífrase en 7.488.640,64 euros (7.228.746,65 euros no exercicio anterior). Aumentando un 3,5% con respecto ao exercicio anterior. Os incrementos de gastos de persoal débense fundamentalmente ao vencemento de táboas salariais do persoal adscrito ao convenio colectivo de instalacións deportivas (actividade 001) e a un posible incremento das retribucións neste persoal. Por outra banda, na actividade 002 tamén se prevé un incremento de retribucións debido ás condicións que rexen no acordo de condicións económicas no campus de Lugo.

A distribución de gasto de persoal é a seguinte:

Soldos e salarios:

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 290.708,22 euros. Inclúe tanto ao persoal laboral indefinido, persoal laboral indefinido con carácter fixo discontinuo e persoal

eventual que se contrata a través de listas de agarda para a cobertura temporal ou para un incremento de volume de traballo en momentos concretos.

- Actividade 002: Servizo de limpeza de edificios e locais. 5.111.914,53 euros. Inclúe tanto o persoal laboral indefinido como o persoal eventual que se contrata a través de listas de agarda para a cobertura temporal.
- Actividade 003: Programa de Conciliación. 15.066,87 euros. Inclúe persoal que se contrata especificamente para este programa a través das listas de agarda e tamén a porcentaxe de persoal da estrutura da entidade que dedica parte do seu volume anual de traballo a este programa.
- Actividade 004: Reprografía, edición e impresión dixital. 205.809,82 euros. Inclúe o persoal indefinido e persoal fixo discontinuo.

Seguridade Social:

En este apartado inclúe a cota patronal á Seguridade Social.

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 93.497,75 euros.
- Actividade 002: Servizo de limpeza de edificios e locais. 1.666.269,73 euros.
- Actividade 003: Programa de Conciliación. 5.013,92 euros.
- Actividade 004: Reprografía, edición e impresión dixital. 65.452,10 euros.

Outros gastos sociais:

En este apartado inclúese os diferentes seguros de accidentes por convenio colectivos, gastos de uniformidade, gastos de formación e os custos relativos ao servizo de prevención de riscos e vixilancia da saúde.

- Actividade 001: promoción, incentivo e desenvolvemento de actividade físico-deportiva na USC. 4.039,16 euros.

- Actividade 002: Servizo de limpeza de edificios e locais. 29.364,32 euros.
- Actividade 003: Programa de Conciliación. 551.75 euros.
- Actividade 004: Reprografía, edición e impresión dixital. 952,48 euros.

O cadro de persoal detállase por categorías a continuación:

CADRO DE PERSOAL	DECEMBRO 2022
Xerente	1
Auxiliar administrativa	1
Xefa servizo	1
Encargado xeral	1
Supervisora	1
Coordinadora técnica	1
Monitores/as deportivos/as	7
Coordinadores/as-monitores/as deportivos	14
Especialistas	20
Conductor/a-limpador/a	1
Limpador/a	208
Oficiais impresión dixital	6
Oficial cualificado reprografía	1
Oficial cualificado preimpresión	2
Oficial especialista impresión	1
TOTAL	266

4.1.4. Outros gastos de explotación: o importe estimado para o exercicio é de 140.951,12 euros (381.549,72 euros no exercicio anterior). Como se indicaba anteriormente a diferenza e diminución neste capítulo débese á contabilización dos traballos realizados por outras empresas nun capítulo diferente ao exercicio anterior. Esta partida distribúese nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (euros)
Arrendamentos e canons	18.921,00
Reparación e conservación	39.353,58
Servizos profesionais independentes	63.608,56
Primas de seguros	465,98
Servizos bancarios	3.260,00
Publicidade e RRPP	1.200,00
Outros servizos	14.042,00
TOTAL	140.851,12

4.1.5. Amortización do inmovilizado: 18.466,27 euros dos cales practicamente o 97% son destinados á actividade 002. As inversións previstas, tamén fundamentalmente nesta mesma actividade está estimado realízalas escalonadamente ao longo do exercicio.

4.2. INVERSIÓN

O importe para este capítulo para o próximo exercicio ascende a 19.950,00 euros.

4.2.1. Adquisición de inmbolizado: estímase realizar as seguintes inversións:

- Software de xestión para o control de rexistro horario.
- Dispositivos tablet para realizar o control horario nos diferentes centros de traballo.
- Maquinaria para a mellora principalmente do servizo de limpeza de edificios e locais.

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPREGAR POLA ENTIDADE. EXERCICIO ECONÓMICO 2023

GASTOS / INVESTIMENTOS	Promoción, incentivo e desenvolvemento das actividades físicas deportivas na USC	Ejecución do servizo de limpeza de edificios e locais da USC	Programas de conciliación laboral e familiar de actividades físico-deportiva	Servizo de reprografía, edición e impresión dixital	Total actividades	Non imputadas ás actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
a) Axudas monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Provisionamentos	45.892,00	202.425,00	33.616,01	272.995,92	554.928,93	0,00	554.928,93
Gastos de persoa	388.245,13	6.807.548,57	20.632,54	272.214,40	7.488.640,64	0,00	7.488.640,64
Outros gastos de explotación	5.464,71	86.330,86	1.031,31	48.124,25	140.951,12	0,00	140.951,12
Amortización do inmovilizado	257,32	17.914,68	32,28	261,99	18.466,27	0,00	18.466,27
Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Variación de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Impostos sobre beneficios	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal de gastos	439.859,15	7.114.219,11	55.312,14	593.596,56	8.202.986,96	0,00	8.202.986,96
Adquisicións de inmovilizado (Gás Bens Patrimonio Histórico)	137,50	19.655,25	17,25	140,00	19.950,00	0,00	19.950,00
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cancelación debeda non comercial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos	137,50	19.655,25	17,25	140,00	19.950,00	0,00	19.950,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	439.996,65	7.133.874,36	55.329,39	593.736,56	8.222.936,96	0,00	8.222.936,96

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENER POLA ENTIDADE.

7.1.) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	7.699.986,96
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	48.000,00
Subvencións do sector público	455.000,00
Achegas privadas	0,00
Outros tipos de ingresos	0,00
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	8.202.986,96

7.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	0,00
Outras obrigas financeiras asumidas	0,00
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	0,00

Secretaria

Vº e prace. O presidente